



COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE XULLO DE 2020

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 28 de febreiro de 2020 e extraordinaria do día 30 de abril de 2020.
2. Validar o Informe de análise das taxas de éxito, rendemento e avaliación do Grao en Dereito e do Programa Conxunto ADE-Dereito do curso 2018-2019.
3. Validar a modificación da meta asociada á duración media dos estudos no Mestrado universitario en avogacía e manter o resto das metas asociadas aos obxectivos de calidade.
4. Validar o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2018-2019 que inclúe as propostas de mellora para o curso 2019-2020 e o seguimento dos títulos adscritos ao Centro coas modificacións propostas.
5. Validar as guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2020/2021 e delegar na coordinadora do Grao a corrección de erros ou modificacións que procedan.
6. Validar as guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2020/2021 e delegar na coordinadora académica a corrección de erros ou modificacións que procedan.
7. Validar a actualización do Anexo I: Plan de acción tutorial do procedemento de orientación ao estudantado (DO-0203 P1).
8. Validar o programa e data de celebración da Xornada de acollida do Grao en Dereito, do Curso 3.5 e da Xornada de acollida do Mestrado Universitario en Avogacía para o curso 2020-2021.
9. Valorar no mes de setembro a viabilidade para retomar as sesións pendentes do Curso de Actualización Xurídica 2019-2020 e a realización dunha nova edición para o curso 2020-2021.
10. Valorar no mes de setembro a viabilidade para organizar un foro de emprego xurídico.
11. En relación coa toma de decisións en materia de presupostos:
 - a) Solicitar información á Vicerreitoría de Planificación sobre o equipamento das aulas de cara a impartir a docencia semipresencial.

¹ As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es



b) Enviar un correo electrónico ao profesorado co obxecto de que indiquen as súas necesidades de material ou equipamento.

c) Esperar ao inicio do curso académico 2020-2021 para a toma de decisións en relación cos presupostos.

12. Arquivar como evidencia, polo cambio e repercusión na docencia pola Covid-19, sen traslado ao Departamento de Dereito Privado e á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, o informe sobre incidencias detectadas en relación á docencia impartida pola Área de Dereito Civil no Grao en Dereito e no Programa Conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito, no primeiro cuadrimestre do curso 2019-2020.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, celebrada o día 14 de xullo de 2020, se publicaron no taboleiro de anuncios do centro o día 15 de xullo de 2020.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.